



Carlos Casares. Cadro de Antón Pulido

O Roteiro Carlos Casares en Ourense

Afonso Vázquez-Monxardín

Catedrático de lingua galega

Presentación

Os roteiros preséntansenos na actualidade como unha forma de achegamento á realidade do patrimonio -sexa este natural, arqueolóxico, histórico, arquitectónico, literario, etc.- que funciona dun xeito lúdico e participativo todo ao longo de Occidente. En Galicia moitos son os concellos e institucións públicas e privadas que ofrecen estas posibilidades de ocupación de ocio, e mesmo hai webs e apps especializadas que nos guían por estes espazos de confluencia entre o paseo, a cultura e o turismo. Especial mención merecen arestora os roteiros nos que están involucrados alumnos e profesores, maiormente de tipo natural e literario.

En Galicia existe unha certa tradición de roteiros desde hai tempo. A propia palabra, especializada en Portugal nesta función, e relacionada co verbo rotar, con rotación etc. foi moi querida e usada desde os tempos da xeración Nós. Otero Pedrayo, por exemplo, úsaa constantemente. Dentro das máis clásicas voltas ao redor da vida e obra dun literato, literata neste caso, temos a “Pelerinaxe lírica aos lugares rosalianos” feita no Día de Galicia de 1951,

cun percorrido a pé desde a Alameda de Santiago ata a casa da Matanza en Pardón. Nela participaron moitos dos galeguistas activos da época e foi recollida nunha película artesanal con guión de Celso Emilio Ferreiro e foi recuperada, comentada e montada en 2001 co apoio da Caixa Galicia e dos xornais *El Progreso* e *Faro de Vigo*. Máis alá, tamén as míticas “Pelerinaxes” de Ourense a San Andrés de Teixido, en 1929 de Otero, Risco e Ben Cho Shey, pode ser considerada tamén un roteiro amplo, como, dalgún xeito o foron tamén moitas das “xeiras” dos galeguistas no seo do Seminario de Estudos Galegos ou as promovidas polos Ultreyas tamén en tempos de antes da guerra. Incluso temos un escrito, simpático e de case imposible realización, redactado por Otero Pedrayo para o seu amigo Silvio Santiago na segunda metade dos sesenta, que supón unha volta a Galicia, saíndo e chegando a Santiago, a través dunha homenaxe a sete persoas da nosa historia (Nicomedes Pastor Díaz, Eduardo Pondal, Castelao, Pedro Madruga, Curros Enríquez, o Padre Feixoo e Rosalía de Castro), en sete días onde vai sinalando poemas, menús de xantares, homenaxes a realizar, lugares de banquete, sesta e durmida, etc.

Os roteiros de Ourense e Marcos Valcárcel

En 1995 e 1996 durante ese tempo do Entroido que sempre aproveitaba Antón Risco para vir a Ourense fixéronse dous paseos urbanos, dous roteiros Vicente Risco pola cidade. Baixo as indicacións de Marcos Valcárcel, Antón Risco, Ruco Lezcano e outros amigos, visitáronse, medianamente disfrazados, as rúas e espazos relacionados en Ourense con don Vicente. Porén, o primeiro que se materializou fisicamente foi, en 1998, o “Roteiro da Esmorga”, que dalgún xeito foi o iniciador da consolidación dos roteiros literarios na Galicia contemporánea. Foi impulsado polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, baixo o liderado construtivo de Marcos Valcárcel. Foi el quen seleccionou os textos e mobilizou un grupo de amigos: Manolo Figueiras deseñou as placas; Xesús Costa e Xoán Torres, realizáronas fisicamente; eu mesmo redactei os textos dun folleto que fixemos baseándonos no esquema espacial da guía de lectura d’A *Esmorga*, obra de Manuel Forcadela; e contou tamén o deseño gráfico do folleto, coa participación de Xosé Lois Vázquez. O Concello foi moi receptivo coa idea e aínda hoxe, case vinte anos despois, conserva a súa vitalidade. Todos os anos centos os estudantes de toda Galicia que veñen a Ourense a facer o Roteiro da Esmorga e, complementariamente, outras actividades na cidade e proximidades (Termas, San Cibrán de Las, etc.).

Xa naquela altura de 1998, pensáramos no Clube Alexandre Bóveda en seguir coa elaboración doutros roteiros que enchesen de sentido o lugar común de ser Ourense, dalgún xeito, a capital fundacional da narrativa galega contemporánea. Pero os camiños da vida non foron propicios e moitas cousas quedaron daquela no tinteiro.

En 2007, ano no que empezou a manifestarse a terrible enfermidade que acabaría con Marcos Valcárcel no prazo de tres anos, houbo dous antecedentes moi relacionados coa súa persoa e con este roteiro e que hoxe queremos lembrar.

Por unha banda, o 30 de maio de 2007, no pregón inaugural da feira do Libro, Marcos ditou un fermosísimo discurso titulado “O divino roteiro” e era unha homenaxe persoal ao seu amigo Carlos Casares, morto había xa cinco anos. O argumento era emotivo e

claro. Carlos Casares visitábao vido da ultratumba e convidábao a un paseo no que percorrían xuntos os espazos literarios máis emblemáticos da cidade. En paradas no Liceo, na Praza Maior, Praza da Madalena, Praza da Barreira, Museo Arqueolóxico, Praza do Correxedor, Alameda e Paseo íanse encontrando cos vellos escritores de Ourense e evocando as súas vidas e actividades. O texto, fermosísimo, foi editado nas páxinas da Revista das Letras de *El Correo Gallego* do 21 de xuño dese 2007.

Uns meses despois, o día 15 de decembro de 2007 concreouse por primeira vez un paseo pola cidade en memoria de Carlos Casares. Baixo a dirección de Marcos e coa presenza de Kristina Berg e Xavier Casares pola familia, e dun considerable número de especialistas e amigos participantes no Seminario que sobre o escritor se celebrara o día anterior no Liceo, percorréronse nove espazos do Ourense vello (Liceo, Museo Arqueolóxico da Praza Maior, Rúa da Paz-Lepanto-Santo Domingo, antiga casa de Vicente Risco en Santo Domingo, Casa natal de Carlos Casares, Café do Hotel Parque, antiga Librería Tanco, Café Miño e La Región, Cardeal Quiroga) con lecturas de textos e evocacións pertinentes aos amigos e ao labor de creación, seguindo a liña do pregón lido había uns meses na Alameda. Cremos que foi unha das últimas actividades de Marcos nas que gozou en plenitude, antes de que a enfermidade o acabase por retirar da vida pública.

Ao longo de 2008, e mentres se esforzaba contra o infortunio, un grupo de amigos organizamos o libro *Marcos Valcárcel, o valor da xenerosidade*, con colaboracións de máis de 300 persoas do ámbito cultural do país e que lle entregamos nunha cea o 29 novembro 2008 no restaurante San Miguel de Ourense, no medio dunha homenaxe que titulamos “De Cea con Marcos Valcárcel”. Non era casual, pois era o lema das ceas que organizábamos no Clube Alexandre Bóveda e cuxa primeira edición, en 1994, estivera dedicada, precisamente, a Carlos Casares, a proposta de Marcos.

A partir dese momento, houbo unha verdadeira ferrenza de homenaxes e recoñecementos á súa persoa da que me comprace deixar constancia aquí e agora. O 9 maio 2009 a Asociación de Escritores en Lingua Galega, outorgoulle o premio a “As uvas na solai-



Marcos Valcácel, Benito Losada, Carlos Casares, José A. Outeiriño e Afonso Vázquez-Monxardín (20 de maio de 1994)

na” como o mellor blog literario galego. O 22 maio, a sección galega do Pen Club concedeulle tamén o seu recoñecemento máximo como “Voz da liberdade”. Uns días despois, o 11 de xuño, recibiu a medalla Castelao da Xunta de Galicia. O 18 de xuño o Liceo de Ourense fíxolle entrega da insignia de Socio de Honra como recoñecemento ao moito que colaborara coa institución, mesmo recollendo o testemuño da organización das Semanas Literarias do Liceo que o amigo Carlos Casares impulsara ata o ano da súa morte 2002. O vinte de xuño recibiu nun entrañable acto no Teatro Principal de Ourense, o Premio Otero Pedrayo das deputacións galegas, que, na súa primeira edición, tamén fora entregado a Carlos Casares, en 1980. O sete de setembro en Celanova, recibiu a homenaxe da Fundación Curros Enríquez nun acto asociado á entrega do premio Celanova Casa dos Poetas entregado naquel momento á Real Academia Galega e da que Marcos era académico correspondente. O dezanove de decembro deste 2009 a asociación de editores de Galicia outorgoulle un premio especial pola súa traxectoria de compromiso co libro e a edición. A última das homenaxes que recibiu en vida foi o día 18 de novembro de 2010 no que lle impuxeron o seu nome á Biblioteca do IES da Carballeira e no que un Marcos moi maliño quixo volver ao seu centro. Menos dun mes despois, o 5 de decembro, falecía.

Así, este roteiro que hoxe presentamos nesta revista ten unha inspiración no traballo xeral e concreto do noso amigo Marcos e, dalgún xeito, este artigo con esta evocación inicial, une as memorias de dous amigos que o foron, que marcharon antes de tempo e cuxas vidas foron exemplo de bonhomía, compromiso e traballo a prol da cultura do país.

Intencións deste Roteiro Carlos Casares en Ourense

Para empezar, lembremos que Carlos Casares naceu en Ourense en 1941, que estudou no Seminario Menor entre o ano 1952 e 58 e que aquí comezou o seu interese na literatura e o despertar como escritor, participando do ambiente cultural da cidade de forma moi activa nos anos sesenta e incios dos setenta. Realmente, ata que despois de aprobar a oposición e comezar a docencia en Cangas, en 1975, foi Ourense a súa cidade, e en moitos sentidos, como o familiar e o amical, nunca deixou de selo. Por iso, e aínda que se realicen con moita xustiza outros roteiros literarios vinculados á vida de Casares en Xinzo ou en Vigo-Nigrán-Baiona, este terá como especial a vinculación da propia urbe co autor a través da presenza da cidade de forma moi importante na súa obra. Ourense non só



Grupo de profesores atendendo as explicacións de Afonso V. Monxardín na placa nº 2 do roteiro

é o espazo xeográfico onde sitúa as súas novelas principais senón que aparece en moitísimas das súas crónicas xornalísticas cos amigos ao fondo. Ourense era a súa cidade, Xinzo a súa vila, Lamas e Sabucedo na Limia e Beiro, no rebordo dos Chaos de Amoeiro, os espazos das súas vivencias aldeás.

Así pois, queremos, en primeiro lugar, render homenaxe a Carlos Casares na cidade onde naceu e no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Sabemos que, desde a súa morte en 2002, son ducias os lugares de Galicia onde se bautizaron prazas, paseos, rúas co seu nome, e varios nos que se ergueron estatuas máis ou menos afortunadas. Na cidade de Ourense máis alá de incoar expediente para o seu nomeamento como fillo predilecto, nada fora feito ata o momento presente. Este roteiro, promovido conxuntamente pola Fundación que leva o seu nome, o Concello de Ourense e a Consellería de Cultura, é un primeiro chanzo neste camiño.

Desexamos, en segundo lugar, potenciar o destino turístico-cultural, Ourense, cidade literaria, engadindo un novo roteiro aos existentes na cidade e provincia. Ourense, non o esquezamos, é a cidade fundacional da prosa galega contemporánea -lembremos no solpor do XIX a Valentín Lamas Carvajal, a Heraclio Pérez Placer ou o Álvarez de Novoa- da consolidación con Vicente Risco e Otero Pedrayo, da Xeración Nós nos anos 1920 e trinta, a cidade da anovación máis contemporánea, nos anos sesenta, pensemos en Méndez Ferrín, Alfredo Conde ou o propio Carlos Casares. Así, non só se relacionará sinerxicamente co Roteiro da Esmorga, senón cos outros que, sen placas físicas, ofrece o Concello, como o da Cidade da Xeración Nós.

Incluso cos que ofrecen a Fundación Curros Enríquez, Otero Pedrayo ou Vicente Risco nos seus territorios. É tamén intención nosa ofrecer aos profesores e estudantes un material físico sobre o que poder realizar traballos escolares, didácticos, etc. como se vén facendo cos outros roteiros. Non é algo pechado, senón un material sobre o que traballar.

Este roteiro está construído de forma que sexa un diálogo entre o autor, a súa obra e a cidade que o viu nacer. Para iso, identificamos unha serie de puntos -18 na cidade e dous nas proximidades, no Seminario Menor e en Beiro- relacionados de xeito máis ou menos directo coa súa vida ou coa súa obra e extraemos dela fragmentos evocadores que complementamos con ilustracións gráficas fotográficas e debuxos, e que imprimimos en cadansúa placa cerámica tamaño DIN A3 para que permanezan no tempo. Uns colócamolos adheridos a fachadas de edificios e outros, seis, os que están en parques e xardíns, sobre estruturas de aceiro corten en lugares onde non molesten á circulación das persoas.

O deseño de placas e folletos foi cousa de Miguelanxo Carvalho, a realización física das placas cousa de Carlos Costoya e as estruturas de aceiro corten da empresa Gadeca. As colaboracións externas, sobre todo das fotos incluídas nos paneis, débemolles agradecer a *La Región*, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, a Fundación Otero Pedrayo, Fundación Vicente Risco, Fundación Curros Enríquez, Biblioteca da Deputación de Ourense, Biblioteca do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e a Siro López e editorial Galaxia.

A Fundación Carlos Casares acolleu, e impulsou esta iniciativa coa que colaboraron economicamente o Concello de Ourense e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

O percorrido urbano das dezaioito placas iniciais esténdese coas súas reviravoltas a través duns dous quilómetros, desde o Parque de San Lázaro á Praza Maior, e pódese complementar cuns folletos existentes na Oficina de Turismo de Ourense. En 24 páxinas recóllense os textos íntegros e fotos de todos os paneis, así como o plano de distribución deles e unhas indicacións de conversa para orientar a charla do profesor ou guía.

A continuación imos dar unha serie de claves descritivas e interpretativas de cada unha das placas que compoñen o percorrido do roteiro para axudar na organización do mesmo.

O Roteiro Carlos Casares en Ourense

PLACA 1

A primeira placa vai nun soporte de aceiro corten nas escaleiras do sur do Parque de San Lázaro, por fronte ao edificio do antigo Hotel Parque. Pensamos neste espazo por ser un lugar cómodo para empezar unha xuntanza deste tipo, central na cidade, e polo significado específico do lugar no roteiro. Na placa leva un texto do libro *Un país de palabras* (1998), Premio da Crítica Galega na modalidade de creación literaria 1999, correspondente a un comentario sobre a tertulia que se facía na cafetería do Hotel Parque de Ourense e onde el coñeceu a Vicente Risco, logo de ter gañado un concurso de redacción escolar, e onde tamén se encontraría cunha parte da intelectualidade moza de Ourense -sobre todo os artistifiaños inicios dos anos sesenta. A foto incluída, doazón da familia do pintor Xosé Conde Corbal á Fundación Vicente Risco, é unha imaxe desta tertulia na que aparecen no medio da néboa do tabaco habitual, o propio Vicente Risco, Xosé Conde Corbal, o escultor Faílde e outras participantes. Os fíos de conversa poderán versar sobre a paixón pola palabra de Carlos Casares expresada neste libro recompilatorio de quince ensaios memorísticos, uns sobre historias persoais -a importancia dos seus avós na súa literatura, por exemplo- e outros dedicado a circunstancias que o rodearon -viaxe a Barcelona coa amigos, a tertulia de Risco, a busca de Deus por parte do amigo Torres Queiruga, etc.- Tamén poderá derivar a conversa sobre a importancia do encontro con Vicente Risco e o seu contacto nos anos 60 a 63, que o orientaron na formación da súa personalidade como escritor.

PLACA 2

A segunda placa está situada na fachada do edificio que ocupa hoxe o lugar da casa onde naceu Carlos Casares en 1941. Alí, en Cardeal Quevedo, na esqui-



Con Kristina Berg, a súa esposa, despois de pronunciar o pregón do Magosto en 1972 (Placa 2)



Carlos co seu pai, pouco antes de entrar no Seminario (Placa 19)

coa Av. de La Habana, era a casa, con finca e oratorio incluído, da súa familia materna, que procedía do lugar de Freixo, nas terras de Celanova. Daquela, cando naceu Carlos, a cidade era radicalmente distinta a hoxe. Tiña 29 mil habitantes dos que só 12 mil naceran nela, e que só ocupaba a beira sur do Miño, pois non se producira aínda a integración do concello de Canedo. O texto que acompaña é un fragmento dunha tradución ao galego dun artigo xornalístico publicado o 9 de xuño de 1972 en *La Region*, no que relata unha anécdota que lle aconteceu o verán anterior en Suecia cando non puidera viaxar a San Petesburgo porque o seu pasaporte impedía a visita a toda a Europa que, naquela altura, era comunista. Na



O pintor Xosé Conde Corbal, o escultor Antón Failde, Vicente Risco e outros na tertulia do café do Hotel Parque [Placa 1]

foto que acompaña, dos fondos do xornal *La Región* vese a Carlos e á súa muller Kristina Berg o día que pronunciou o pregón do Magosto de 1972, 11 de novembro, encargado polo Concello de Ourense, cando contaba trinta e un anos. As palabras diante desta placa, deberán xirar ao redor da familia de Carlos Casares, das terras de Celanova, como dixemos, por parte da nai Manolita, e de Lamas, Xinzo de Limia por parte do pai, Francisco. Así, xunto á cidade de nacemento, onde vivirá ata os catro anos antes de trasladarse a Xinzo, onde seu pai era mestre, forman parte imprescindible do seu mundo de neno, Sabucedo e Lamas, lugares familiares na Limia, e Beiro onde a familia pasará tempadas de vacacións. Tamén, xunto á familia de procedencia, é lugar de falar da familia formada por Carlos e Kristina Berg -cos seus fillos Cristian e Håckan- e dos seus percorridos vitais, desde 1975 ligados ás terras de Cangas, Vigo, e Val Miñor, así como da Fundación Carlos Casares que desde a súa morte garda a súa memoria. Tamén, é interesante resaltar aquí, os seus inicios da colaboración coa prensa en *La Región* nos finais dos sesenta e que mantivo ata 1974.

PLACA 3

A placa terceira está colocada no edificio da esquina entre a rúa Curros Enríquez e a Xoaquín Lorenzo, xunto en fronte da Torre de Ourense. O texto da mesma corresponde a un fragmento dun dos doce relatos de *Os escuros soños de Clío* (1979), libro dedicado a Ramón Piñeiro, e premio da Crítica Galega en 1980. No fragmento refírese ao proceso de elaboración pola súa parte da biografía de Curros Enríquez e ao suposto

achado dun texto manuscrito na biblioteca de Rei Soto en Poio que dá pé á construción do relato. A fotografía, proporcionada pola Fundación Curros Enríquez, é un retrato en plenitude do autor de Celanova tirada en Cuba. As palabras de comentario deberían xirar ao redor dos relatos do propio libro (unha homenaxe a Clío, a musa da historia), a invención das fontes e das vidas como recurso literario, e a súa forma de construción en base á invención de referencias bibliográficas de estirpe borgiana ou ás construcións fantásticas de sabor cunqueiriano. Algúns destes relatos, como “O xudeo Xacobe” por exemplo, están traducidos a numerosas linguas. Tamén, é momento de sinalar a súa paixón polas biografías, a de Curros, por exemplo, é deste mesmo ano 1979 e aparece asinada en Halmstad, Suecia porque aproveitaba os veráns nórdicos para escribir. O seu interese no poeta de Celanova, levarao a publicar no ano 1992 unha edición crítica coa *Poesía galega completa*, Manuel Curros Enríquez. Outras biografías del serían *A vida do Padre Sarmiento* 2002, ou as dos homes da xeración Nós.

PLACA 4

A placa cuarta, está colocada no mesmo edificio que a anterior, na esquina entre Curros Enríquez e Xoaquín Lorenzo, pero na parte que dá ao adro da igrexa de San Francisco, xusto sobre as escaleiras de acceso. Inclúe un fragmento extraído desa novela de odios e violencia que é *Os mortos daquel verán*, (1987) Premio Antón Losada Diéguez á creación literaria, 1987, nos que fai unha referencia ao servizo militar feito polo protagonista no cuartel



Foto de Xosé Suárez
(Allariz 1902 - A Guarda 1974)
[Placa 7]

de San Francisco en Ourense. Acompaña unha foto dunha postal antiga proporcionada pola Biblioteca da Deputación de Ourense, na que se ve a igrexa de San Francisco na súa antiga localización sobre a cidade, ao lado do Cuartel do rexemento Zamora número 8. Falarase desta curiosa obra na que non hai intervención ningunha directa de ningún personaxe senón que toda ela está construída a modo de extractos do expediente xudicial no que se investigan uns feitos sucedidos no tempo da revolución do 34 e os comezos da Guerra Civil. Unha especie, tecnicamente, de anti-Esmorga; obra na que só se escoita a voz do acusado. Tamén é momento para falar a importancia da memoria da guerra e dos sucesos posteriores nas historias humanas transmitidas na Limia -aínda que a novela formalmente está máis vinculada a Celanova- e dos avatares do Cuartel de San Francisco e o traslado do edificio da igrexa para esta súa nova localización en 1929, con intención de construír unha parroquia no norte da cidade, ao redor do Parque de San Lázaro.

PLACA 5

A placa quinta está situada sobre unha placa de aceiro corten, no centro do Parque de San Lázaro, ao lado das escaleiras do oeste de subida á fonte. Leva un anaco de texto da súa novela *Cambio en tres*, 1969, e unha foto dos anos sesenta desa mesma fonte, tamén dunha postal da colección da Biblioteca da Deputación. A conversa partirá do comentario da obra, a máis chea de referencias unívocas da xeografía e historia ourensá, e situada no contexto da angustia emigratoria dos anos sesenta, a máis vangardista e experimental de Carlos Casares, pero a menos querida por el, posto que xamais a reeditou en vida. A novela está dedicada a Dolores Vilariño -daquela a súa moza e que chegou a

ser Presidenta do Parlamento Galego- e outros amigos -moitos da familia López-Facal, compañeiros de militancia no FELIPE, no Frente de Liberación Popular, no que militaban nos anos da Universidade. A conversa poderá recoller a posición escéptica de Carlos en relación á existencia dun movemento ao que chamar “Nova Narrativa Galega” con características comúns aos autores, así como salienta a importancia de Ourense na creación da narrativa urbana contemporánea. Desde Lamas Carvajal, Heraclio Pérez Placer, Álvarez de Novoa a Otero Pedrayo, Vicente Risco, Eduardo Blanco Amor, Méndez Ferrín, etc. Pódese sinalar, como comentario ao topónimo, que San Lázaro debe o seu nome á vella leprosería medieval, afastada da cidade, e que despois de pasar por campo da feira, se converte en Parque urbano por excelencia e centro moderno da cidade a partir dos anos vinte, algo que coa construción da Torre, acabada en 1968, se verá reforzado.

PLACA 6

A sexta placa irá localizada na fachada do edificio que albergou ata 1997, antes do seu traslado a Cardenal Quevedo, a Librería Tanco, -hoxe está nese local Purificación García- no comezo da Rúa do Paseo. Inclúe unha foto da cidade ao lonxe, entre a néboa e desde os montes do oeste, e un texto, precisamente sobre a néboa escrito en “Á marxe” en *La Voz de Galicia* o 24 de outubro de 1994, no que o autor dá algunhas claves da súa temperá sedución por deixar voar a imaxinación e crear historias xogando coas imaxes das persoas que aparecen entre a néboa. A conversa lévanos ao comentario da importancia de Casares como comunicador en prensa, a través de *La Voz de Galicia*, primeiro coa súa sección semanal “A



Alameda, 1920
[Placa 9]

ledicia de ler”, desde 1975, e logo, desde 1992 ao día anterior á súa morte, en 2002 coa sección que acabou sendo diaria de “Á marxe”. A sedución do público, a creación de milleiros de lectores novos para a lingua galega, partían da engaiolante narración do cotián. O seu gato Samuel, as mazás que agromaban anunciando a primavera, o fío dunha conversa oída, unha anécdota da vida calquera, fixeron que se establecese un canle de comunicación irrepitible. Este labor non só foi recoñecido polo público, senón tamén pola crítica. Outorgáronlle en 1993 o premio Fernández Latorre, o Julio Camba en 1995, e o Roberto Blanco Torres en 2002.

PLACA 7

A sétima placa, na vella fachada do Hotel Miño -no local que hoxe ocupa Decathlon- está ubicada no centro da rúa do Paseo. Leva outro texto de “Á marxe” en *La Voz de Galicia*, este do 25 de xaneiro de 2000. Relata unha anécdota simpática relacionada co rudo carácter do fotógrafo alaricano Xosé Suárez, e sitúaa na tertulia que desenvolvían no Hotel Miño. A fotografía que acompaña, é unha das máis famosas de Xosé Suárez, da serie “Mariñeiros” (ca. 1936), na que se ve un neno cun barco de xoguete en brazos que leva o nome de “Javiota”. É o momento e lugar para falar das outras tertulias na que participou Casares. Primeiro, nos inicios dos sesenta, no

Hotel Parque. Ao faltar Risco, o lugar de encontro progresivamente pasou a ser El Miño, onde tivo contacto con outros novos amigos -como o citado Xosé Suárez, Eduardo Blanco Amor, etc. ata que marchou a mediados dos setenta a Vigo. Tamén é lugar para falar das distintas liñas de amigos con que mantevo relación na cidade. Desde o grupo da súa xeración, artistas plásticos (Acisclo Manzano, Xaime Quessada, Xosé Luís de Dios, Manuel Bucinos...) xentes da palabra escrita, Ruco Lezano, Maribel Outeiriño, Luís Mariño, ata xentes máis vellas -Julio Losada, Martínez Pedrayo - e outros máis novos - Marcos Valcárcel, Juan Fonseca, etc. Tamén se pode mencionar a tertulia que se establecía xusto enfronte de El Miño na cafetería El Cortijo á saída da misa en galego das nove e media da mañá os domingos -onde ían Otero Pedrayo, Ferro Couselo, Xoaquín Lorenzo, Leuter González Salgado, e algúns outros máis novos. Hoxe alí está a perfumería El Arenal. Tamén pode ser momento para comentar a evolución desta rúa central do comercio e lecer e a súa conversión progresiva nunha rúa das franquicias.

PLACA 8

A oitava placa sitúase un pouco máis adiante na rúa do Paseo, na fachada do edificio onde hoxe está o comercio de roupa Sprigfield e que foi onde, a principios do século XX, o xenovés Eduardo Barbagelata



*Escafeiras da Catedral
sobre a rúa Arceidiagos
[Placa 11]*

Mucci exerceu de pioneiro do cinematógrafo en Ourense, e que posteriormente se denominaría “Teatro Apolo”. Leva un texto extraído da novela *Ilustrísima* (1980), unhas das de máis éxito e proxección do autor, e que xira ao redor dese feito histórico: a implantación do cinematógrafo en Ourense e as reaccións que isto provoca no mundo eclesiástico. A fotografía que acompaña é do propio Eduardo Barbagelata, proporcionada polo xornal *El Correo Gallego*, procedente da familia que aínda vive nas terra do sur de Lugo.

No comentario sinalaremos que o libro vai dedicado a Xosé Mouriño, padriño de Carlos, e un dos dous tíos cregos que tiña. Esta convivencia con cregos de distintas sensibilidades sen saír do seu entorno familiar, uns máis liberais e gozadores da vida, outros máis circunspectos e serios e opostos aos cambios, halle servir para novelar de forma maxistral esta crónica do desacougo dun bispo liberal rodeado dunha curia reaccionaria. Explicitamente, Carlos recoñeceu en varias ocasións que o modelo de bispo liberal para a novela estaba baseado en Enrique Pérez Serantes, primo da súa avoa do Freixo e arcebispo de Santiago de Cuba, salvador da vida de Fidel Castro despois do asalto do Cuartel da Moncada e co que coincidiu varias veces nos veráns que se achegaba a Galicia. Seguramente, o antagonista, o lectoral dirixente da curia máis conserva-

dor, podería estar inspirado nun irmán da súa avoa -viúva moi nova, desde que a nai de Carlos tiña dous anos- deán na Catedral de Ourense e que, parece ser, foi en moitas cuestións, o piar decisivo do núcleo familiar materno.

PLACA 9

A novena placa sitúase na Alameda sobre un soporte de aceiro corten, xusto na entrada do paseo central, na parte das cafeterías. Leva unha foto da Alameda dos anos mil novecentos vinte, dunha postal proporcionada pola Biblioteca da Deputación de Ourense. O texto, no que hai unha tanxencial referencia á Alameda, pertence a un dos doce relatos do primeiro libro publicado por Carlos Casares, *Vento ferido* (1967). O tal libro, dedicado aos seus irmáns, Xavier, Meches e aos amigos Paco e Sira, é un deses libros en cuxos relatos abundan os protagonistas infantís e xuvenís en relación con Ourense. A variabilidade dos relatos é grande. Desde uns nos que domina a tenrura como “A rapaza do circo” a outros máis duros como “O xogo da guerra”. En calquera caso, é o lugar de relacionar este libro coa obra doutros autores mesmo que se moven no mesmo espazo físico. Aquí, as referencias, por exemplo, a “A Arrasadeira” de *Os Biosbardos* (1963) de Eduardo Blanco Amor -con estatua na parte superior da Alameda- ou ao relato “O Suso” de *O crepú-*

culo e as formigas (1961) de X.L Méndez Ferrín, son claras. Tamén é ocasión para diferenciar a literatura de protagonista infantil coa obra dirixida a nenos. Aquí, debemos salienta tamén o interese de Carlos Casares na literatura infantil. Desde o libriño inicial *A galiña azul*, gañadora do premio O Facho, 1968, e que integra cinco pequenos contos para nenos fermosísimos como “A formiga esquiadora”, “A bomba da felicidade”, etc. ao derradeiro *O polbo gigante* (2000), moitos foron os títulos pensados para ese público. Se cadra o máis famoso é a súa obra de teatro *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), aínda que tampouco esqueceremos a serie de *Toribio* ou *O can Rin e o lobo Crispín*. Tamén esta parada pode ser o lugar no que se evoque a tradución que fixo Carlos Casares de *O principião* de A. de Saint Exupéry en 1972, e do que ao longo da súa vida reuniu unha colección de case cen exemplares en moitas linguas, ou doutras varias traducións do inglés (*O vello e o mar*), do castelán (*A Bela Otero*) ou de contos suecos.

PLACA 10

A décima placa, está pendurada da parede, ao lado doutra placa en lembranza de Carlos Casares, na sala que leva o seu nome no Liceo de Ourense, ao fondo do patio de columnas, que é o lugar onde facía tertulia habitual nos últimos anos da súa vida cando estaba en Ourense. Leva un texto sobre don Xan da Cova, un personaxe moi pintoresco do Ourense do tránsito entre o século XIX e XX, e a única foto coñecida dun busto desaparecido do autor, proporcionada pola Biblioteca da Deputación de Ourense e da autoría de Ben Cho Shey.

A conversa deberá xirar ao redor do gusto que tiña Carlos por saber cousas dos toliños e dos tipos pintorescos. Neste contexto, enmárcase a súa, digamos, paixón por este poeta estafalario ao que lle dedicou varias investigacións artigos. Don Xan da Cova, foi construtor de imaxes relixiosas, agrimensor e escritor afeccionado. Inventou o trampitán -idioma particular que só el entendía pero no que chegou a escribir algunhas obras,- do pirandárgallo -forma de viaxar subindo nun globo e esperando a que, coa rotación da terra, pasase o lugar ao que se quería chegar, do paraugas universal, e doutras novidades igualmente estrambóticas.

Pero sobre todo, convén lembrar que para Carlos Casares o Liceo era a súa segunda casa en Ourense, non só lugar da tertulia, senón unha institución amiga coa que colaborar. Entre 1990 e o ano 2002 organiza os seus Encontros literarios nos que botando man da súa axenda, compromete a vir á cidade das Burgas ao máis salientable das letras hispanas. Por esta proximidade humana e colaboración desinteresada, o 17 de xuño de 1998, a asemblea de socios do Liceo acorda outorgarlle a medalla de Ouro do Liceo.

Aquí, a metade de roteiro, pódese facer unha parada para tomar un café no pazo dos Oca Valladares, sede dunha das institucións culturais e recreativas con máis soleira de Galicia.

PLACA 11

A undécima placa, situada na Rúa de Arcediagos nunha columna do edificio do Concello, inclúe un texto de *Ilustrísima* sobre a saída do bispo do seu pazo, directamente á Rúa Arcediagos -Arcedianos, na obra- e unha foto actual da fachada oeste da Catedral. Aquí podemos ampliar a información sobre a novela, ou reflexionar sobre a distancia que sempre existe entre a literatura de creación e a historia. Os espazos recreados non coinciden exactamente coa topografía das cidades, neste caso explícito nin noutros moitos, e por iso é inútil tratar de fixar exactamente moitas localizacións. A liberdade do creador non está sometida á realidade que recrea.

Podemos sinalar, tamén, que no número 13 desta rúa, xusto por fronte ás escaleiras, hai cen anos, ou sexa, en 1917, estivo a redacción inicial da terceira e última época do xornal “O tío Marcos da Portela”. Ou pensar na vista da fachada oeste da Catedral e nos novos espazos creados. Estas escaleiras, por exemplo, foron erguidas en 1980 e antes non existía a Praza de San Martiño nin este acceso á catedral.

Tamén, podemos lembrar as referencias literarias á catedral, Por exemplo, a obra *La Catedral y el niño* (1948), de Blanco Amor, que pediu a Vicente Risco o envío dunha foto do David que coa súa lira que preside esta fachada para ilustrar a portada da primeira edición, pero como non lla enviou, publicou a portada a en branco.



Ramón Piñeiro e Otero Pedrayo en Trasalba [Placa 14]

PLACA 12

A duodécima placa está na esquina das rúas da Paz e Juan de Austria, sobre a parede do Café Latino, un dos lugares emblemáticos do *jazz* e da noite de Ourense. Leva un fragmento do fermoso e interesantísimo texto de Casares, evocador do conxunto da tradición cultural e literaria da cidade e incluído no libro *Ourense de auga e pedra* (1990). Neste fragmento explica a circunstancia de teren nacido Otero, Risco, Blanco Amor e Cuevillas nesta rúa ou nas súas proximidades. O libro foi realizado en colaboración co fotógrafo Manuel Sendón. Levará, como apoio gráfico, retratos dos catro escritores citados no texto: Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, e Eduardo Blanco Amor, proporcionados nos dous primeiros casos polas súas fundacións respectivas, polo Museo Arqueolóxico e pola Deputación provincial, nos outros dous casos. Aquí imponse unha reflexión sobre Ourense como cidade de cenáculos literarios, autores e obras, e a Carlos Casares como un dos mellores coñecedores desta memoria literaria da cidade direc-

tamente, por lembranzas prestadas ou por esculcas directas de investigador.

Tamén é preciso sinalar a realización moderna de libros de colaboración entre fotógrafos e literatos que, neste exemplo, ten unha das obras cume das realizadas na Galicia contemporánea. Recentemente, Bieito Iglesias, grande e bo amigo de Casares, publicou outro libro nesa liña fotográfico-literaria *O ouro de Ourense*, (2016) en colaboración co fotógrafo Xulio Gil.

Sinalar, tamén, a importancia da Rúa da Paz -denominada así a pedimento dos veciños para conmemoraren a paz de Vergara, en 1839- e do Teatro Principal que leva de servizo case ininterrompido desde antes desa data.

PLACA 13

A décimo terceira placa vai na fachada da casa onde naceron Otero Pedrayo e Vicente Risco, na rúa da Paz número 25. Leva unha foto de don Ramón proporcionada pola Fundación que leva o seu nome e un texto en-

saístico sobre a súa actitude social, extraído da biografía que elaborou Carlos Casares *Otero Pedrayo* (1981) e que fora galardoada co I Premio Otero Pedrayo das Deputacións de Galicia en 1980. O libro leva unha dedicatoria curiosa, “A Karin e Jonás que puxeron á miña disposición a súa fermosa casa en Björkangastatan na beira sueca do Kattagatt, en Haslsmstad para redactar este libro”, o que nos leva, novamente, a Suecia como lugar de finalización tranquila, nas vacacións de verán, dos libros biográficos. Tamén, dentro deste labor de recuperación de referentes culturais, escribe unha biografía sobre *Vicente Risco* (1981) -dedicada a Franco Grande-, un libro de *Conversas con Anxel Fole* (1981) e varias entrevistas na revista *Grial* con Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor. En calquera caso, este labor de investigación biográfica e esta vontade de difusión da memoria prestada, contribuíu dun xeito importante a que as xeracións seguintes tivesen ao seu alcance o coñecemento destes personaxes, clave na historia cultural do galeguismo da preguerra. As biografías e entrevistas de Casares e o libro de entrevista de Vítor Freixanes *Unha ducia de galegos* (1976) foron claves neste proceso.

PLACA 14

A décimo cuarta placa está situada no edificio que fai esquina entre a rúa de Santo Domingo e a de Cardeal Quiroga. Leva unha texto no que relata unha simpática anécdota que lle contou Ramón Piñeiro dunha visita conxunta con Otero Pedrayo a veren ao seu amigo o Cardeal Quiroga no pazo arcebispal de Santiago e publicada o 13 de marzo de 1995 en “Á marxe” de *La Voz de Galicia*. Leva unha foto de Ramón Piñeiro e Otero no balcón da Casa Grande de Trasalba. É o momento de falar non só da relación entre os intelectuais galegos e a Igrexa -lembramos que o Cardeal Quiroga escribira na revista católico-galeguista *Logos* nos anos da II República, senón tamén da intensa e frutífera relación entre Carlos Casares e Ramón Piñeiro con quen compartiu, non só posicionamentos ideolóxicos e políticos, senón escano parlamentario. Efectivamente, na primeira lexislatura autonómica, Carlos Casares, Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal, participaron como galeguistas independentes nas listas electorais do PSOE. Carlos foi deputado autonómico pola circunscrición de Ourense, e sempre valorou moi positivamente aqueles tempos de consensos amplos que lograron, por exemplo, aprobar a Lei de

Normalización Lingüística de forma unánime. Dalgún xeito, Ramón Piñeiro, a quen coñeceu sendo estudante universitario, e con quen tivo unha amizade de máis de trinta anos, foi o seu mentor e valedor ao longo dos anos. Ademais, ocupou Casares dous postos claves nos que anteriormente servira Piñeiro: a dirección de *Galaxia*, desde 1985 e a Presidencia do Consello da Cultura Galega, desde 1996. Carlos Casares escribiu e falou en numerosas ocasións sobre esta relación e escribiu, pouco despois da súa morte, unha biografía titulada *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia* (1991). Xa en 2002 aparecerá un libro construído en base a entrevistas longas de Casares a Piñeiro realizadas había unha ducia de anos, na que Piñeiro repasa a súa vida e actividade, e que se titulará *Da miña acordanza*.

PLACA 15

A décimo quinta placa vai colocada na suposta casa natal de Blanco Amor da rúa de Lepanto. E dicimos suposta, porque efectivamente, aínda que a partida de nacemento dá esta localización, no libro de bautismos da parroquia de Santa Eufemia, sinala que naceu na Rúa da Paz. En calquera caso, a placa inclúe un texto publicado en *La Región* o seis de maio de 1973 na sección “Con esta lupa”, escrito por Casares no que relata a vivencia cotiá de Blanco Amor en Ourense -dalgún xeito a súa soidade- e cunha caricatura do autor d’*Esmorga* de Siro López. É a ocasión para evocar a moi cordial relación entre os dous escritores da que é mostra, por exemplo, a entrevista de Casares a Blanco Amor en *Grial* nº 41, precisamente deste ano 1973. Tamén se pode reflexionar sobre a soidade de Blanco Amor en Ourense e o seu afastamento vital dos galeguistas conservadores actantes en Ourense na segunda metade dos sesenta e primeira dos setenta, como Otero Pedrayo ou Xoaquín Lorenzo. Tamén é ocasión para lembrar esa sección en *La Región* na que caricaturista e escritor publicaron, semanalmente, entre os anos 73 e 74, retratos de personaxes de actualidade do máis variados, do mundo da actualidade, sobre todo política pero tamén, do deporte, da música, da cultura, etc. Entre eles, por exemplo, Golda Meir, Richard Nixon, Marlon Brando, Celso Emilio Ferreiro, Cámpora, Bresnev, Pompidou, Monseñor Tarancón, Eleuterio Sánchez, Salvador Allende, Manuel Orantes, Sadat, Willy Brandt, o Sha de Persia, Pablo Casals, Mao Tse Tung, Indira Gandhi, o rei Hussein, Augusto Pinochet, Kissinger, González Dopico, Pablo Neruda, Forges, Ramón Piñeiro, John

Ford, a princesa Ana de Inglaterra, Peret, Eddy Meckx, Antonio Añoveros, Ramón J. Sender, Miterrand, Joaquín Ruíz Jiménez, etc., un pouco de todo, pois.

E o tema, tamén deberá ser ampliado á tradicional confluencia frutífera entre artistas plásticos e literatos. En Ourense, por exemplo, entre Vicente Risco e Xosé Conde Corbal (*El Orense perdurable*) Otero Pedrayo e Xaime Quessada (*Orense*), e esta propia sección *Con esta lupa*, de Carlos Casares e Siro López. Incluso se pode tratar o feito de os literatos desa xeración teren saído todos de Ourense para vivir fóra (casos de Casares, Ferrín, Alfredo Conde, Fernandez Ferreiro, etc.) mentres que os artistas plásticos (Quessada, Acisclo, Bucíños, Virxilio...) maiormente ficaron na cidade.

PLACA 16

A placa décimo sexta irá na derradeira casa da rúa de Lepanto antes de chegar á Porta Norte da Catedral. Inclúe unha foto postal dun carro de vacas por fronte a esa porta proporcionada polo Museo Arqueolóxico de Ourense e correspondente aos anos vinte do século XX, pero nunha imaxe frecuente ata mediados os cincuenta. Leva un texto extraído de *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) que se pode relacionar tematicamente coa foto, pois non hai referencia directa á cidade de Ourense na obra. A conversa versará sobre as raíces autobiográficas da obra -un estudante nun centro relixioso disciplinado, a aldea, a cidade, Santiago- ou a importancia desta obra na súa traxectoria vital. Con ela gaña o concurso do XXV aniversario de Galaxia, en 1975 e ao ano seguinte, o Premio da Crítica Española. Sen dúbida esta obra escrita nun galego exento de artificiosidade, no que prima sobre todas as cousas a facilidade de comunicación co lector, algo permanente en Casares, suporá un punto de inflexión na súa traxectoria posto que estamos ante a súa primeira novela “madura” ben recoñecida e que afianzará a súa posición no sistema cultural galego. No ano 1978 ingresará na Real Academia Galega e a súa proximidade a Ramón Piñeiro incrementará a súa dedicación á xestión cultural, ata chegar a ser proposto por el para a Dirección da editorial Galaxia, que asume en 1985 e que lle servirá, tamén, para converterse nun eficaz xestor cultural tanto na editorial como logo no Consello da Cultura Galega e noutras institucións nas que participara.



Ourense, porta norte da Catedral, ca. 1920
[Placa 16]

PLACA 17

A placa décimo sétima irá sobre un pé de aceiro corten, nfo lado suroeste da Fonte da Praza do Trigo, próxima á baixada á Praza da Magdalena. Inclúe unha foto histórica da mesma praza pero coa fonte que existía a principios de século, así como un fragmento extraído da novela *Deus sentado nun sillón azul* (1996) no que se fai referencia a un discurso moderador da axitación social dado desde esa mesma fonte. A conversa, obviamente, xirará sobre a novela, premio da Crítica Española en 1996 e finalista no Premio Nacional de Narrativa en 1998. No trasfondo dos seus oito capítulos está a reflexión sobre a responsabilidade do intelectual, sobre a posibilidade de desenvolver unha intelixencia sen moral e afacerse a vivir así. O escenario no que transcorre correspóndese, explicitamente, coa paisaxe física e humana do Ourense da posguerra, no que espazos, persoas e sucesos son facilmente recoñecibles. O protagonista principal é un intelectual conservador abaneado polos ventos da historia e a dúbida, que ten evidente inspiración en Vicente Risco. A novela aparece dedicada a Elke Wehr -a súa tradutora ao alemán- e a Vitor Freixanes, “en lembranza daquel verán”, pois foi escrita aproveitando unha bolsa de que gozaron ambos escritores, no verán de 1995 en Wansee, Berlín.

A contorna urbanística e arquitectónica e a presenza da catedral dá pé a numerosas posibilidades de comentarios de historia e arte.

PLACA 18

A décimo oitava placa, está situada nunha columna do soportal dun señorial edificio da Praza Maior na súa banda oeste, obra do emblemático arquitecto ourensán Daniel Vázquez Gulías e que hoxe ocupa a sala de exposicións da Fundación Abanca. Inclúe unha foto histórica da devandita Praza, e un novo fragmento de *Deus sentado nun sillón azul* (1996) no que aparecen un grupo de nenos xogando na Praza. Os eixos de conversa poderán xirar ao redor da continuidade de vida cotiá no medio da voraxe dos tempos que se observa na obra. Tamén, á realidade de ser a Praza Maior non só o centro histórico da vida da cidade, senón tamén un lugar central na súa literatura. Poderemos empezar sinalando que no edificio do Museo Arqueolóxico –onda as escaleiras de María Madre- estivo situado desde os tempos medievais ata finais da década de 1940, o vello Pazo do Bispo, e é aquí onde está situada a residencia do protagonista de *Ilustrísima*. Tamén neste espazo transcorre boa parte da acción da novela risquina *La puerta de paja* (1953), que ten como protagonista, novamente, a un bispo de Ourense. Don Vicente Risco sitúa, tamén, a vivenda de Don Celidonio –o protagonistas d’ *O porco de pé* (1928)- xusto por fronte do edificio do Concello. Otero Pedrayo, pola súa banda, ten dedicado varios artigos ao “Espolón”, a parte elevada ao leste da Praza Maior, onde estaba a vivenda do seu avó Ramón Pedrayo Silva –na casa onde está hoxe o bar Mundial- e onde tiña morada o protagonista da súa obra *La vocación de Adrián Silva* (1949). Tamén os personaxes de *A Esmorga* (1959) de Blanco Amor se moven ao ritmo do reló do Concello. Finalmente, destaquemos nesta localización, o magnífico relato “Xaque Mate” do libro *Crónica de nós* (1980) de Méndez Ferrín, que transcorre no Casino de Caballeros (Liceo, na obra) situado nos baixos dunha casa do Espolón.

Aquí finalizaría o roteiro urbano realizable a pé. Así, pois, desde o Parque de San Lázaro ata a Praza Maior. Dous puntos facilmente identificables e de concentración e rematando nun punto que pode ser inicio doutras achegas á cidade, turísticas, artísticas ou gas-

trónicas, preto da Burga e ao lado da Alameda, ao lado da zona de lecer dos “viños”.

Máis alá do mesmo, hai outras dúas placas que tamén conviría visitar para pechar o percorrido e por seren lugares especialmente significativos na vida de Carlos Casares.

PLACA 19

A decimo novena placa está situada sobre un pé de aceiro corten nunha esquina do xardín do Seminario Menor sobre a cidade, e moi preto do Seminario Maior, localización que ten unha magnífica vista sobre a cidade e a súa contorna. Leva a placa unha fotografía escolar de Carlos Casares realizada en Xinzo pouco antes de entrar no Seminario, e na que aparece xunto co seu pai, Francisco. Proporcionada pola Fundación Carlos Casares é unha imaxe extraordinaria na que o protagonista mantén dunha forma asombrosa os mesmos rasgos faciais que tivo ata a fin dos seus días. A postura do pai –coa cara apoiada na man- tamén é unha postura clásica de Carlos. O texto é de Damián Villalaín, pertencente ao libro biográfico *Carlos Casares, os amigos, as imaxes, as palabras* (2004).

Neste lugar podemos evocar a tradición relixiosa da familia materna como indutora da súa presenza escolar neste centro. Non era Carlos o típico alumno do rural que escollía o Seminario como única alternativa educativa posible economicamente, senón que, no seu caso, era por vocación relixiosa inducida. Carlos sempre tivo recordos duros para a disciplina do lugar, así como moi agradables para o papel de varios mestres, especialmente do seu profesor de retórica Agustín Madarnás e para a primeira iniciativa “editorial” que promoveu, un xornal escolar escrito a man titulado “El Averno” do que hoxe non se conserva copia ningunha.

O texto de Damián Villalaín pódenos servir para falar das homenaxes editoriais ou doutros tipos que se celebraron logo da súa morte e que son mostra do cariño popular que suscitaba. En concreto cinco centros de ensino básico e medio leva o seu nome (en Viana, Vigo, Nigrán, Salvaterra de Miño e Xinzo), e quince localizacións –rúas, prazas, paseos, xardíns- levan tamén o seu nome por todo o país adiante.



Praza Maior, ca. 1920 [Placa 18]

PLACA 20

A placa vixésoma está situada a nove quilómetros de Ourense, sobre pé de aceiro corten, nun xardincíño ao pé da ábsida da igrexa de Beiro. Alí convive cun busto do crego agrarista Basilio Álvarez e unhas placas na súa lembranza. Isto é no rebordo da comarca dos Chaos de Amoeiro, logo de subir -impracticable para autobuses- a Costiña de Canedo desde Quintela, na saída da cidade cara a Vigo; ou a moi revirada estrada de Castro de Beiro. (A Casa de Otero Pedrayo en Trasalba, queda a uns oito quilómetros, polo que se pode pensar en aproveitar a visita). Leva a placa unha foto da ábsida e da casa reitoral e ilustra un texto de evidente sabor autobiográfico (coinciden o nome e a idade), pertencente á derradeira novela de Casares, *O sol do verán* (2002), premio da Crítica Galega 2003 na modalidade de creación literaria. A conversa terá como centro esta novela case premonitoria, pois a acción transcorre en boa parte, na reitoral de Beiro e o protagonista, Carlos, acaba morrendo. En Beiro, entre os anos 1935 e 1981, e logo de Basilio Álvarez, estivo de párroco o seu padriño, don Xosé Mouriño. Alí casara a seus pais, alí casouno el en 1972. A relación co padriño, crego moderno e afable, -dedicoulle,

como dixemos *Ilustrísima*- foi intensa. Era moi apreciado polos veciños e nos círculos de cregos da comarca. Na inmensa casa reitoral anexa que daba servizo a fermosa parroquial románica de Santa Eulalia de Beiro, destacan o seu amplo patio e a fermosa galería; hoxe é sede ourensá do Seminario Redemptoris Mater onde se preparan mozos relixiosos para exercer de misoneiros. E alí pasaba nos verán se vacacións a familia toda de Carlos -pai, nai e irmáns- ao acubillo xeneroso do seu tío Xosé.

Neste espazo tan querido por Carlos, tamén sitúa unha simpática obriña infantil *O can Rin e o lobo Crispín* (1983) na que un can moi listo, que falaba cinco idiomas e que fora entregado ao crego de Beiro polo bispo, pois dicía demasiadas palabrotas en palacio, soluciona un problema de saúde dunha señora en Beiro, indo buscar ao médico a Amoeiro e enfrontándose a un terrible lobo ao que humilla e deixa en ridículo.

A novela que nos trouxo ata aquí, *O sol do verán*, segundo contan os editores de Galaxia, foilles entregada por Carlos Casares para a súa publicación a mesma do día da súa morte. Trátase, pois, dunha obra póstuma. Únense pois, a morte do autor e a fin do roteiro.